

ACCESO AO CUARTO CURSO DO GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL NO CURSO 2008/09

PREÁMBULO

O título de Grao en Terapia Ocupacional pola Universidade da Coruña obtén informe favorable da ANECA con data 6 de maio de 2008. Toda vez que obtén a verificación do Consejo de Universidades con data de 28 de maio de 2008, conforme con que o plano de estudos se axusta ás condicións establecidas polo Goberno e que resulta autorizado polo Consello Galego de Universidades, na súa sesión do 18 de xuño de 2008, para a súa implantación no curso 2008/09, o Goberno establecerá o carácter do Título e ordenará a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, xa que logo o Reitor ordeará a súa publicación no BOE e no DOG, conforme o disposto no artigo 35 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de Decembro de Universidades.

ÁMBITO DE APLICACIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Aqueles alumnos que se encontraran en posesión do título de Diplomado en Terapia Ocupacional poderán solicitar a admisión nos estudos de cuarto curso do Grao en Terapia Ocupacional. A estas solicitudes resultaranlles de aplicación os mesmos criterios e o procedemento de selección establecido para acceso aos segundos ciclos con límite de prazas, no Título III da Normativa de Xestión Académica 2008/09, aprobada por R.R. de 16 de xuño de 2008, sen prexuízo de que unha vez seleccionados deban cursar tamén os complementos de formación que se establezan.

2. Seguindo a proposta da Facultade de Ciencias da Saúde, que pretende facilitar a transición ao novo modelo de estudos e a súa paulatina implantación, e coa finalidade de que accedan ao cuarto curso de Terapia Ocupacional os estudantes que obtiveran a súa diplomatura pola Universidade da Coruña no curso 2007/08, resérvarase para cada unha das materias do cuarto curso e complementos de formación, se proceder, unha cota de 20 prazas para estes alumnos. No caso de non se cubrir poderán optar a estas prazas os solicitantes de outras procedencias. Esta norma aplicarase tamén a inversa.

3. As solicitudes atenderanse na seguinte orde de prelación:

a) En primeiro lugar as daqueles alumnos que obtivesen o título de primeiro ciclo dos estudos que dan acceso á titulación solicitada na convocatoria de xuño do ano en curso, ou en convocatorias de cursos anteriores, e presenten a solicitude dentro do prazo establecido.

b) En segundo lugar, as daqueles alumnos que obtivesen o título de primeiro ciclo dos estudos que dan acceso á titulación solicitada, na convocatoria de setembro do ano en curso, así como as daqueles alumnos que, aínda que puidesen presentar a solicitude na primeira convocatoria, non o fixeran, e soamente para se resultaran prazas vacantes na fase anterior.

c) En terceiro lugar, as daqueles alumnos que, tras a convocatoria extraordinaria de decembro, ou a de fin de carreira, reúnan os requisitos académicos para o acceso e desexen formalizar a matrícula no cuarto curso do Grao en Terapia Ocupacional e tras as dúas convocatorias ordinarias, resultaran prazas vacantes.

4. Para adxudicar as prazas dispoñibles entre alumnos que se encontren na mesma

situación terase en conta a nota media do expediente académico nos estudos que acredite calculada ó abeiro dos criterios xerais acordados no artigo 1.13.uno.4 do R.D-1267/1994 de 10 de xuño, que modifica o R.D.1497/1987 de 27 de novembro de 1987, que establece as directrices xerais comúns dos planos de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e diversos reais decretos que aproban as directrices xerais propias.

Suspenso 0

Aprobado 1

Notable 2

Sobresaliente 3

Matrícula de honra 4

RESOLUCIÓN E RECLAMACIÓNS

1. A relación provisoria dos solicitantes, ordenadas alfabéticamente, en que figure a nota media que corresponda segundo os criterios anteriores, publicarase no taboleiro da Facultade de Ciencias da Saúde nas mesmas datas que, para o acceso a segundos ciclos, marca o Anexo VI da Normativa de Xestión Académica 2008/09.
2. Contra a resolución que publica a listaxe provisional poderá presentarse reclamación dirixida ao. Reitor, no Centro, ao longo dos días que, para reclamacións, establece o mencionado Anexo VI.
3. A relación definitiva de solicitantes publicarase no taboleiro da Facultade de Ciencias da Saúde o día que está establecido no calendario do citado Anexo VI da Normativa de Xestión Académica do curso 2008/09, e o prazo de matrícula será o correspondente ao 1º prazo que, para segundos ciclos, se dispón no Anexo mencionado.